

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 2

SESION EXTRAORDINARIA DE 25 DE XANEIRO DE 2005

ASISTENTES

Excma. Sra. Alcaldesa	López-Chaves Castro, Ignacio Javier
Barros Punte, Miguel	Méndez Piñeiro, María Xosé
Calviño Rodríguez, Julio	Molares Pérez, Lucía Emilia
Coello Bufill, Antonio	Pérez Mariño, Ventura
Comesaña Abalde, Carlos	Polo Lima, María Soledad
Couto Pérez, José Manuel	Porteiro García, María Josefa
Domínguez Olveira, Santiago Xosé	Ruiz Cenicerros, Mauricio
Figueroa Vila, José Manuel	Sío Lourido, Belén
Graña Barcia, María Luisa	Soto Ferreiro, Manoel
Iglesias Carrera, José Manuel	Toba Girón, Xabier

NON ASISTE:

Alonso Vázquez, Xulio
Arias Moreira, José Carlos
Fernández Davila, María Olaia
Fernández Fernández, Amador
Guerra Fernández, Javier Jorge
Martíns Vilanova, Margarida Rosa
Pérez Castrillo, Lois

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e dez minutos do día vintecinco de xaneiro do ano dous mil cinco, coa Presidencia da Excma. Sra. Alcaldesa, D^a M^a Corina Porro Martínez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Barros Punte, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Domínguez Olveira, Figueroa Vila, Graña Barcia, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Pérez Mariño, Polo Lima, Porteiro García, Ruiz Cenicerros (con retraso), Sío Lourido, Soto Ferreiro e Toba Girón, actuando como Secretario do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a tódolos Sres. e Sras. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Non asisten os Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias

Moreira, Fernández Davila, Fernández Fernández, Guerra Fernández, Martíns Vilanova e Pérez Castrillo.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a trata-los asuntos da orde do día.

UNICO.(2). SORTEO DE FORMACIÓN DE MESAS ELECTORAIS PARA O VINDEIRO REFERENDUM NACIONAL SOBRE A CONSTITUCIÓN EUROPEA.

ANTECEDENTES.- En cumprimento do artigo 26 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral, convocouse sesión extraordinaria do Pleno da Corporación Municipal que se realiza o día da data, na Casa do Concello ás nove horas, a fin de facer o sorteo, por ordenador, da formación das mesas electorais para someter a referendun consultivo da nación a decisión política de ratificar o tratado polo que se establece unha Constitución para Europa, convocado por RD número 5/2005, do 14 de xaneiro, publicado no Boletín Oficial do Estado núm. 13, do 15 de xaneiro de 2005.

A Presidencia explica brevemente o sistema para o sorteo de formación das mesas electorais, indicando que se mencionarán números ó chou do 1 ó 1000 para escoller cada un dos membros a designar. Tales núemros corresponderán co número do censo electoral de cada mesa. Seguidamente o ordenador fará automaticamente a elección, segundo a titulación e a idade requirida dos compoñentes das citadas mesas integradas por presidente, dous vocais e dous suplentes por cada membro.

Os devanditos números son os que seguen:

PRESIDENTE	1
1º VOCAL	25
2º VOCAL	73
PRESIDENTE 1º SUPLENTE	525
PRESIDENTE 2º SUPLENTE	800
1º VOCAL 1º SUPLENTE	493
1º VOCAL 2º SUPLENTE	96

2º VOCAL 1º SUPLENTE	137
2º VOCAL 2º SUPLENTE	617

De seguido a Presidencia indica que os devanditos números se introducirán no proceso de datos municipal a fin de que se confeccione o listado dos cargos que terán que ocupar as mesas electorais, listado que se procede a remitir a todos os grupos políticos da Corporación.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinte membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituén de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar, tralo sorteo público realizado, a constitución das mesas electorais para o vindeiro referendun nacional, que se contén no listado e a súa remisión á Xunta Electoral de Zona de Vigo, de conformidade co disposto na Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral.

E sen ter máis asuntos para tratar, a Presidencia deu por rematada a sesión, ás nove horas e quince minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fé do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e maila do Ilmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv.

A ALCALDESA,

O SECRETARIO XERALDO PLENO,

M^a Corina Porro Martínez

José Riesgo Boluda.